

**Resolución pola que se establecen as persoas beneficiarias dos bonos Activa comercio ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència non competitiva, do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 e á apertura do prazo para a adhesión dos comercios (código de procedemento CO301B)**

## ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** O 15.04.2024 publícase no DOG núm. 74 a Orde do 5 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència non competitiva, do Programa de dinamización e incentivación do consumo nos comercios retalistas da Comunidade Autónoma de Galicia a través dos bonos Activa comercio, se convocan para o ano 2024 e se abre o prazo para a adhesión dos comercios (código de procedemento CO301B).

**Segundo.-** A dotación orzamentaria prevista na antedita orde é de 2.500.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.751A.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

**Terceiro.-** O procedemento para a concesión das axudas reguladas na citada orde de convocatoria é de outorgamento de subvencións en réxime de concorrència non competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde das solicitudes ata o esgotamento do crédito.

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial en promover actuacións que fomenten o consumo nos comercios retalistas, cumprindo os requisitos especificados nas bases reguladoras.

**Cuarto.-** Dentro do prazo establecido na orde de convocatoria, as persoas usuarias indicadas no anexo I descargaron o bono Activa comercio a través da web [www.bonosactivacomercio.gal](http://www.bonosactivacomercio.gal) de conformidade co disposto nos artigos 12, 13 e 17 das bases reguladoras do programa.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma.

**Segundo.-** A solicitude e a obtención dos bonos Activa comercio polas persoas usuarias axústase ao establecido na orde de convocatoria do programa.

Por todo o anteriormente exposto,





**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Conceder ás persoas beneficiarias que se indican no anexo I, durante o período do 26 ao 30 de abril de 2024, os bonos Activa comercio polo importe que nel se detalla correspondente ás actividades subvencionables do artigo 5 das bases reguladoras do programa.

**Segundo.-** Publicar esta resolución na páxina web oficial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en cumprimento do artigo 19 das bases reguladoras.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Todo isto sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, se é o caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital  
O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración  
PD (Orde do 29 de setembro de 2021, DOG núm. 195 do 08.10.2021)  
O director xeral de Comercio e Consumo  
Gabriel Alén Castro

